



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 25 de marzo de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25 de marzo de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18/03/2019, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2019/1398

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
AA.MM.RR. TRABANCA SARDIÑEIRA	G36236156	1.800,00 €	25/03/2019	SI
GASOCENTRO CALDAS SL	B94033800	3.000,00 €	25/03/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



Dáse conta de escrito presentado por D. Casimiro Estévez Martínez, en nome de **Xiabre Club Ciclista**, solicitando autorización para a celebración da XXIII Marcha Cicloturista Club Ciclista Lobeira, o día 23 de xuño de 2019, con saída, chegada e entrega de premios aos participantes dende Carril, así como a colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil e a autorización para poder utilizar as instalacións de vestiarios e duchas do Pavillón Municipal de Carril e a cesión de palco, mesas e carpas.

Vista a resolución do presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais , a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, facendo constar o seguinte:

- Deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

- O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

- No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

- No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Comunicáselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbreselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.



PRP2019/1371

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Martínez Costa, en representación de **Marea da Vila**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na intersección das Rúas Alcalde Rey Daviña, Valentín Viqueira e Ramón y Cajal, coa instalación dunha carpa o día 16 de marzo de 2019, en horario de 11:00 a 13:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local, no que se fixan as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade ó solicitado.

PRP2019/1372

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Martínez Costa, en representación de **Marea da Vila** solicitando a retirada dos pivotes que delimitan os sentidos opostos de circulación na Rúa Valle Inclán, no tramo comprendido entre a Rúa Canelas e a curva da Depuradora.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica:

No tramo ó que se refire o escrito é un tramo recto de boa visibilidade ubicado entre dous tramos curvos, cunha lonxitude duns 150 metros, estando colocados sobre o eixe da calzada unhas balizas de sinalización flexibles que constan de elementos reflectintes para mellorar a súa visibilidade (básicas tipo H-75), e que impiden saír do carril de circulación e invadir a parte da calzada reservada ó sentido contrario. A anchura da calzada practicable e reservada a cada carril oscila entre 3,20 e 3,40 metros.

No mencionado tramo, nos derradeiros anos houbo varios accidentes de circulación especialmente graves, e a causa deles foron en tódolos casos unha velocidade excesiva para as circunstancias da vía. Como consecuencia da sinistrabilidade considerouse este tramo de vía como especialmente perigoso, instalándose elementos de calmado do tráfico e finalmente no ano 2018, sinalizouse nesta zona a limitación da velocidade a 30Km/h.

A raíz da limitación de velocidade que se implantou na zona non consta de que a mesma producise problemas de aglomeración ou retencións na circulación ó ser esta unha vía con circulación moderada.

Tendo en conta as características da vía, así como a limitación de velocidade existente, neste caso ó tratarse dunha vía urbana con sinalización específica no tramo, non pode ser superada a velocidade para adiantar. O espazo sobrance no carril de circulación para adiantar a un ciclista non é suficiente para deixar os 1,50 metros de separación lateral de seguridade, a realización de adiantamentos nestas circunstancias suporía unha temeridade.

Este tipo de elementos de sinalización sobre os eixes das vías e que tamén se poñen nalgunhas vías de alta capacidade ou vías convencionais para evitar adiantamentos en tramos que os técnicos consideran especialmente perigosos, poden supoñer eventualmente cortes na circulación cando hai vehículos avariados, accidentados ou outros casos semellantes, o que pode ocorrer tamén na maioría das vías urbanas con un único sentido de circulación, onde o carril reservado para o tránsito non supera habitualmente os 3.5 m. de ancho.



Á vista do exposto o mantemento das balizas de sinalización sobre a liña continua, que se saiba non contradí norma algunha.

Por outra banda no escrito se afirma que estanse a producir adiantamentos que a parte da súa complexidade na condución pola estreitez do carril, evidentemente constitúen unha grave infracción das normas de seguridade no tráfico, sancionables, incluso penalmente. Sendo esta a primeira noticia que o respecto se recibe, non constando nin por denuncia de axentes, nin por queixa de usuarios.

Si nunha zona limitada a 30 Km/h, de cento cincuenta metros de lonxitude, á saída dunha curva (nun dos sentidos con visibilidade reducida), alguén fai a manobra descrita no escrito, sen dúbida é necesario reducir a velocidade dos vehículos, coa colocación de elementos redutores na calzada e pintado de liñas mais anchas para crear efecto túnel, ou outras similares, e intensificar a vixilancia e denuncia das velocidades excesivas e as manobras temerarias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta do informe da Policía Local ao Sr. Martínez Costa.

PRP2019/1373

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús Fernández Cortegoso, en representación de **Cruz Roja Española**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, coa colocación de dúas mesas informativas o día 21 de marzo de 2019, en horario de 17:00 a 19:00 horas, con motivo da conmemoración do “Día Mundial da eliminación da discriminación racial”.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1374

Dáse conta de publicación no DOG de 15 de marzo de 2019, de anuncio de 8 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se someten a información pública polo prazo de un mes, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e o Primeiro Plan Operativo de desenvolvemento e implantación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/1384

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas SL** para o subministro de 4.000 litros de gasoleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 3.000,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2019/1380

Dáse conta da avaliación do proxecto anual de servizos comunitarios do exercicio 2018, ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, de 30 de marzo de 2012), e Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1381

Dáse conta do Decreto 99/2012, do 16 de marzo (D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014).

Vista a proposta da Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL:	164.878,00 €
MANTEMENTO:	0,00 €
AXUDA NO FOGAR	19.200,00 €
▪ Modalidade de Prestación básica	371.199,60 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	110.000,00 €
<u>TOTAL SOLICITADO:</u>	665.277,60 €

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL:	226.190,46 €
MANTEMENTO:	1.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	59.768,40 €
▪ Modalidade de Prestación básica	160.183,92 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	995.124,85 €
<u>TOTAL COFINANCIADO:</u>	1.442.267,63 €



TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2018 é o seguinte:

PERSOAL:	391.068,46 €
MANTEMENTO:	1.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	78.968,40 €
▪ Modalidade de Prestación básica	531.383,52 €
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.105.124,85 €
<u>TOTAL:</u>	2.107.545,23 €

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2019/963

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a participación do Concello na Convocatoria dos Premios Laus de Deseño co proxecto Clas-Clas, na categoría I de “Deseño Gráfico, Identidad e Branding” e concretamento nos apartados de “Naming” e “Logotipo”.

Acórdase así mesmo o aboamento das cotas de inscrición, por un importe total de 250,00 € (125,00 € cada un), con cargo á partida 926.22699, e o reintegro da citada cantidade a Dona Rocio Lueiro Rey, previa presentación das correspondentes facturas a través de FACE, da Asociación de Directores Art. e Deseñadores Gráficos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2019/1382

Dáse conta da solicitude de **Dona M^a Mercedes Maneiro Balnco**, de cambio de titularidade dos postos nº 4, 5 e 6 da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa (postos exteriores), a favor da súa filla Dona María Mercedes Dieguez Maneiro, por motivos de xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados e de conformidade co disposto no Artº 19 do Regulamento de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos.

PRP2019/1383

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Luis Naviera Crespo** solicitando instalar un remolque para venda de bocadillos durante as festas de Santa Rita na zona do entorno do Banco Santander. Visto o informe do xefe de mercados a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que este tipo de actividade durante as festas de Santa Rita está centralizado no Parque Miguel Hernández, ou ben o propio día da festividade de Santa Rita no entorno da



zona de Vista Alegre. Para o cal se abre un prazo de solicitudes antes das festas, cos requisitos necesarios, para poder instalar ditos postos.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2019/1388

Vista a solicitude de D. Carlos Álvarez Puga, en representación da **Orquestra de Pulso e Púa Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 30 de marzo de 2019, a partir das 19:00 horas, para a celebración dun concerto, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2019/1389

Vista a solicitude de Dona Rosa López Villar, en representación de **Asociación Cultural Nos de Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 6 e 12 de maio de 2018, para a celebración do Festival Anual o día 12 de maio, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2019/1390

Vista a solicitude de **D. José Antonio Ríos Martínez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 2 de abril de 2019, en horario de 10:00 a 12:30 horas, para a celebración dunha charla informativa dos emigrantes retornados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de



Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala autorizada (neste caso 128 butacas).

PRP2019/1391

Vista a solicitude de D. José Luis Villanueva Vicente, presidente da **Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 2 de abril de 2019, en horario de 19:30 a 21:45 horas, para a celebración dunha asemblea xeral de socios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala autorizada (neste caso 128 butacas).

PRP2019/1392

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Trabanca Sardiñeira, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza e Mantemento do Centro Cultural	1.800,00€	AA.MM.RR. de Trabanca Sardiñeira

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1393

Vista a solicitude de **Sindicato Comarcal de Pensionistas de CCOO de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 10, 11 e 12 de xuño, no horario que indica na solicitude, para a celebración dun seminario de pensionistas de CC.OO. de Galicia, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de



conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2019/1404

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2010 autorizando o uso con carácter precario a favor da Asociación “O Noso Lar” do seguinte local no Auditorio Municipal: espazo sinalado coa rótula 1.8, na segunda plan do edificio.

A presente autorización poderá ser revogada por razóns de interese público, sen dereito á indemnización algunha.

O horario do uso do devandito local deberá axustarse ao horario que fixe o Concello para as instalacións do Auditorio Municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2019/1394

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra (Servizo de Cooperación), de concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da cantidade de 23.809,91 €, con destino ao financiamento do investimento “Regulación Semafórica Paso Peóns Avda. Rivero de Aguilar entrada Paseo Marítimo, cun orzamento polo importe de 23.809,91 €, con cargo á anualidade de 2019. (Expte. 2019008456)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1395

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 4 de marzo de 2019, de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Plan Concellos 2018-2019, con destino ao financiamento do investimento “Ampliación da rede de saneamento en Pedramogueira”, por un importe de 151.8300,03 €, con cargo ao orzamento de 2019. (Expte. 2019004916)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1403

Dáse conta do escrito presentado por D. David Prieto Sanguiao, en representación de **Gabinete Cartotec SL**, solicitando a prórroga do contrato de “Actualización do catastro sobre inmobles urbanos e construcións en solo rústico” por un ano mais (Expte. CT35/2016-e).

Visto o informe do Negociado de Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a prórroga solicitada polo adxudicatario, rematando a duración do contrato o 31 de marzo de 2020, e facendo constar que non será posible unha nova prórroga do contrato.



(Partida orzamentaria 931.22707).

PRP2019/1471

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con cargo á convocatoria de subvencións para execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do Programa de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, publicado no DOG de 14 de decembro de 2018, unha subvención, por importe de 73.321,87 €, para a realización do proxecto denominado “Formación de Ruta de Acceso Peonil a Berdón. Vilagarcía de Arousa”.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/1405

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 2.218,80 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2019/25):

Nº Factura	Registro	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre	Documento
F/2019/448	2019	150 22000	34,49	COPESEDEL, S.L.	PROYECTO SANEAMIENTO EN PEDRAMUGUEIRA	206-18 23
F/2019/1043	2019	334 22199	87,52	SOBRINO G., S.A.	ANODO MAGNESIO C/TAPÓN 3/4x400mm / TAPÓN LATÓN R/MACHO 1/2 / TAPÓN LATÓN R/MACHO 3/4 / PILA ALC.H/E LRO3 4903 B/4	19 173
F/2019/1046	2019	334 22199	1,75	SOBRINO G., S.A.	FLEXÓMETRO OHIO 3 M/16 mm.	19 175
F/2019/1047	2019	334 22199	11,63	SOBRINO G., S.A.	ALARGADERA MARSELLA M-1/2 H-3/4 / BASE AEREA T/T GOMA 16A NG	19 174
F/2019/1059	2019	320 212	1.748,98	ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A.	Rect. GFN 30892 / AQUADUR TRANSPARENTE 2 COMP.(3+1) / HYPERDESMO GRIS / CORINDON BLANCO EKW / TKROM EPOXI GRIS RAL-7042	3Rect-GFN 30892
F/2019/1202	2019	171 22109	334,43	TROQUIÑA, S.L.	Cyclamen miny (Servizo: Parques e Xardíns Responsable da compra: Dolores Barreiro Sumay) / Azalea (Servizo: Parques e	Emit- 19022
TOTAL			2.218,80			

PRP2019/1406

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 28 de febreiro de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.



PRP2019/1407

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2019, por un importe total de 4.180,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	6	110	660,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	6	110	660,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220,00
D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE	2	110	220,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			4.180,00

PRP2019/1408

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Augas de Galicia**, por importe de 2.500,00 € correspondente a sanción polo incumprimento de requirimento en materia de vertidos na Praia de Compostela (clave DH.D36.630071 Resolución Expte. Sancionador de data 14/03/2019), con cargo á partida orzamentaria 929.22699.

PRP2019/1409

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Torculo Comunicación Gráfica SA**, polo importe de 3.536,00, da factura nº 1 190000789 (Rex. 2019/2160), correspondente a impresión de 1.000 exemplares do libro "A Vila do Mañá", con cargo á partida orzamentaria 926.2269917 (DUSI (3)01/07/18).

PRP2019/1411

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Ferrovial Servicios SA**, polo importe de 57.077,83 €, da factura nº 5600172863 (Rex. 19/509), correspondente a Servizo de Axuda no Fogar, modalidade de dependencia por horas ordinarias durante o mes de decembro de 2018, con cargo á partida orzamentaria 231.22725.



PRP2019/1412

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Ferrovial Servicios SA**, polo importe de 5.522,17 €, da factura nº 5600172865 (Rex. 19/511), correspondente a Servizo de Axuda no Fogar, modalidade libre concorrancia durante o mes de decembro de 2018, con cargo á partida orzamentaria 231.22725.

PRP2019/1413

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Gasocentro Caldas SL**, polo importe de 888,00 €, da factura nº 19 1491 (Rex. 19/1154), correspondente a subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio Vagalume, con cargo á partida orzamentaria 320.22103.
Dado que a Xunta de Goberno Local de data 4 de febreiro de 2019 aprobou un orzamento por importe de 900,00 €, acórdase o reintegro do importe sobrante (12,00 €) á partida orzamentaria 320.22103.

PRP2019/1414

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **New Live Promociones Culturales SL**, polo importe de 4.658,50 €, da factura 002-2019 (Rex. 19/1520), correspondente a actuación de Joe Crepúsculo, o día 24 de febreiro en Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida orzamentaria 334.22609.

PRP2019/1415

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Portos de Galicia**, polo importe de 967,66 €, da liquidación nº 303190002 (Rex. 19/1900), correspondente a ocupación ou aproveitamento dominio público (construción dun edificio para centro cultural veciñal e parroquial en Sobrán) do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2019, con cargo á partida orzamentaria 334.225.

PRP2019/1416

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia**, polo importe de 7.542,40 €, correspondente a aportación para gastos xerais e póliza de crédito do GDR Salnés, con cargo á partida orzamentaria 433.489.

E sen máis asuntos que tratar, ás levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.